

DOCUMENTO BASE

**PLAN INTEGRAL PARA A
CONVIVENCIA E O DESENVOLVEMENTO SOCIAL
DO POBO XITANO DE GALICIA**

Táboa de contidos

1.- AS COMUNIDADES XITANAS EN GALICIA	5
1.1.- POBOACIÓN	5
1.2.- OS GRUPOS HUMANOS	6
2.- DIAGNOSE	9
2.1.- SERVIZOS SOCIAIS	9
2.2.- VIVENDA	9
2.3.- EDUCACIÓN	11
2.4.- EMPREGO E PROMOCIÓN ECONÓMICA	12
2.5.- SAÚDE	13
2.6.- CULTURA E PARTICIPACIÓN SOCIAL	14
3.- PRINCIPIOS REITORES DO PLAN	17
4.- OBXECTIVOS	21
4.1.- OBXECTIVO XERAL	21
4.2.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	21
5.- PROPOSTA DE MEDIDAS E ACTUACIÓNS	23
5.1.- SERVIZOS SOCIAIS	23
5.2.- VIVENDA	25
5.3.- EDUCACIÓN	27
5.4.- EMPREGO E PROMOCIÓN ECONÓMICA	30
5.5.- SAÚDE	33
5.6.- PARTICIPACIÓN SOCIAL, POLÍTICA E CULTURAL	35
5.7.- IMAXE SOCIAL E IGUALDADE DE TRATO	37
ANEXOS	41
ANEXO I - PROPOSTA DE INDICADORES	41
ANEXO II - OBXECTIVOS DE IGUALDADE DE XÉNERO	42

1.- AS COMUNIDADES XITANAS EN GALICIA

1.1.- POBOACIÓN

No ano 2000 residían en Galicia preto de 8.417 persoas xitanas¹ distribuídas en 46 concellos. Esta cifra só representa o 1,68% do total de xitanos e xitanas residentes en España, que, pola súa vez, constitúen o 1,26% dos cidadáns españois e o 0,31% dos galegos².

Cabe falar dun crecemento poboacional significativo, pois, en comparación cos datos de 1990, dez anos despois habitaban en Galicia 1.663 xitanos máis, o que supón unha taxa de crecemento acumulativa do 2,23% anual, moi superior, pois, á taxa resultante para a comunidade autónoma (0,08%) e para o conxunto de España (0,42%).

En canto á distribución territorial do colectivo, evidénciase unha clara concentración nas áreas urbanas da franxa atlántica. A Coruña é a provincia máis poboada, pois nela reside o 46,4% da comunidade xitana galega, aglutinándose, pola súa vez, en catro grandes núcleos de poboación: A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela e Ribeira.

Ademais destes concellos, tamén mostra unha presenza significativa nos municipios que conforman a área urbana das principais cidades da provincia. Así, a cidade da Coruña é a que acolle o maior número de poboación e, xunto coa súa área metropolitana (Arteixo, Culleredo e Cambre), alcanza case as 2.000 persoas, o que representa cerca da cuarta parte do total de Galicia. Séguelle a comarca de Ferrol Terra, pois nos concellos de Ferrol, Fene e Mugardos residen algo máis de 1.000 persoas. A estes municipios cómpre engadir os de Miño, Betanzos, Pontedeume, Carballo e Ames, onde a presenza de familias xitanas se debe a condicionantes familiares ou laborais. En canto á vila de Ribeira, o asentamento de poboación xitana explícase pola súa importante actividade portuaria ligada ao sector pesqueiro.

Lugo é, xunto con Ourense, a provincia menos poboada, cun 10,8% e un 11,6% do total, respectivamente. En Lugo cidade concéntrase máis do 60% da poboación da provincia, detectándose un importante núcleo en Viveiro (17%). A provincia de Ourense presenta unha gran dispersión poboacional: cunha media de 70 habitantes por concello; a comunidade xitana distribúese, nesta provincia, en 13 municipios.

A provincia de Pontevedra concentra o 31,3% do total. Os principais núcleos de poboación son Pontevedra, Vigo, Poio e Vilagarcía, aos que se sumarían, coa chegada de xitanos zamoranos, os municipios do Porriño, Tui e Marín. Outros municipios, como O Grove ou Pontearreas contan tamén con pequenos grupos de familias.

En canto á estrutura da poboación, en 2000 preto dun 35% dos homes e mulleres eran menores de 16 anos, en tanto que a proporción de persoas maiores de 65 non alcanzaba o 2%. Esta distribución etaria pon de manifesto que se trata dunha poboación nova, cunha alta taxa de natali-

¹ *A comunidade xitana en Galicia 1990-2000*; Xunta de Galicia, 2003.

² Transcribimos, de xeito case literal, o informe do Valedor do Pobo: *A situación da poboación xitana de Galicia* (2005). Cf. p.p. 14-15.

dade e crecemento vexetativo que contrasta coa pirámide do conxunto da poboación galega, a cal experimenta un proceso de forte envellecemento.

Á marxe desta descrición xeral, cabe salientar a evolución detectada ao longo das últimas décadas nesa estrutura poboacional: se en 1990 existía unha pirámide cunha ampla base, na que preto do 50% era menor de 16 anos, en 2000, como se indicou, a proporción redúcese a algo menos do 35%, aumentando a poboación con idades comprendidas entre os 20 e os 55 anos, unha tendencia que xa se observaba en 1990 con respecto a 1983. Porén, a poboación maior de 65 anos permanece invariable ao longo destes últimos vinte anos.

A redución da taxa de natalidade é o principal factor que explicaría esta mutación da pirámide poboacional, un fenómeno que se asocia a unha serie de cambios sociais experimentados no seo da comunidade xitana. Estamos, daquela, ante unha evidente transición demográfica, só que nunha fase intermedia, lonxe dos perfís demográficos das sociedades avellentadas.

1.2.- OS GRUPOS HUMANOS

Entre os xitanos en Galicia identificamos catro grupos distintos segundo a súa procedencia e situación social:

- **Os xitanos galegos** (que supoñen o 64,5% dos identificados como tales nos informes oficiais)³ son o grupo máis numeroso. Os xitanos galegos poden encadrarse no ámbito da península Ibérica dentro dos xitanos casteláns, fronte aos xitanos béticos, cataláns ou portugueses. Pero dentro deste grupo, forman un subgrupo homoxéneo e diferenciado, cun alto grao de cohesión interna a través de relacións familiares e de afinidade⁴. Entre os xitanos galegos atópanse situacións de integración social, nivel educativo ou nivel económico moi dispares, pero a gran maioría dos xitanos chabolistas que viven en Galicia e daqueles que sofren peores situacións de marxinalidade son xitanos galegos⁵.
- Os **xitanos de orixe castelá** (o 33,3%), divididos entre os denominados casteláns e os zamoranos. Son poucos os xitanos casteláns que viven en infravivendas, e os seus niveis económicos, educativos e de integración social son superiores á media dos xitanos galegos⁶. Os costumes e a cultura dos xitanos zamoranos son os mesmos que os dos xitanos galegos, pero o seu nivel de vida e integración social é superior. Desde a súa chegada, os zamoranos alugaron ou mercaron pisos. Os seus negocios de venda ambulante son prósperos e traballan mercadorías como o calzado, a pel ou o téxtil de calidade, que requiren maiores investimentos e estabilidade⁷.
- Os **ciganos portugueses**, pertencentes ao grupo de ciganos trasmontanos. Pola súa peculiar procedencia, pola súa idiosincrasia e pola súa segregación respecto dos xitanos galegos nas localidades do sur de Galicia, non foron considerados xitanos nos informes

³ Cfr. *A comunidade xitana en Galicia 1990-2000*, p.p. 17-31.

⁴ Ídem. páx. 19.

⁵ Ídem. páx. 23.

⁶ Ídem. páx. 25.

⁷ Ídem. páx. 27.

oficiais sobre a comunidade xitana en Galicia⁸. As condicións de vida deste grupo humano son, dentro da comunidade xitana en Galicia, as peores de todas, sendo excluídos na súa maioría, ata datas recentes, de dereitos de cidadanía e de protección social. Con todo, esta situación transformouse intensamente na última década, albiscándose unha equiparación coa media dos xitanos en Galicia.

- Os húngaros (só o 2,3%) e outras **comunidades xitanas procedentes da Europa Oriental** (nomeadamente de Romanía) están aínda por censar. Os húngaros, a causa do seu illamento e dispersión, tenden a asimilarse progresivamente coa poboación maioritaria. En cambio, non hai aínda un asentamento estable de poboacións de xitanos romaneses (levantaron varios asentamentos chabolistas que foron abandonados con posterioridade). Esta poboación está caracterizada pola súa mobilidade, en parte pola aplicación da Lei de estranxeiría e pola vixilancia policial da que son obxecto para evitar a acción das mafias. De feito, os xitanos romaneses están a constituír un factor determinante de reactivación dos prexuízos respecto das comunidades xitanas polos seus fortes trazos de marxinalidade. Con todo, hai xitanos romaneses que están a desenvolver actividades propias dos inmigrantes da Europa Oriental, de forma independente e non vinculada coa súa orixe étnica, que non son identificados como xitanos e teñen un nivel adecuado de integración social.

⁸ Ídem. p.p. 29-31. Investigacións recentes, así como a opinión da antropóloga Teresa Sanromán, primeira autoridade mundial en antropoloxía xitana, lévanos a considerar que os trasmontanos son un grupo esgazado dos ciganos portugueses, pertencentes ao grupo caló, que penetran en Portugal no século XVI procedentes de Castela. Vid. *A situación da poboación xitana en Galicia*, páx. 19.

2.- DIAGNOSE

2.1.- SERVIZOS SOCIAIS

Os programas de garantía de ingresos mínimos foron aprobados para as persoas en estado de necesidade e, neste sentido, como pon de manifesto o Informe FOESSA de 1998, as familias xitanas sofren situacións de pobreza máis acusadas que as que padecen o conxunto de persoas que son convencionalmente consideradas “pobres”. Desde 1990, o significado dos mecanismos asistenciais incrementouse en Galicia, tanto en número como en contía económica. Así, no ano 2000, tres de cada cinco xitanos percibían algún tipo de axuda que supoñía unha retribución media por unidade familiar de 157,5 euros mensuais.

Aínda que as prestacións económicas evolucionaron positivamente, os proxectos de inserción necesarios para completar a integración social e laboral presentan diversas eivas que impiden facer un balance plenamente positivo deste tipo de prestacións sociais⁹.

Cómpre remarcar o efecto claramente positivo dos mecanismos básicos de asistencia e de inclusión social. Concretamente, a renda de inserción social de Galicia (RISGA), conseguiu vincular a maioría das familias xitanas en situacións de exclusión ou de vulnerabilidade social cos servizos sociais. Esta vinculación ten unha contrapartida na presenza dunha certa cronificación das persoas xitanas na percepción das axudas sociais. Pero esa cronificación non é exclusiva das familias xitanas, nin nos pode facer esquecer o efecto paliativo e integrador que continúa a ter a RISGA.

2.2.- VIVENDA

O obxectivo da vivenda digna como elemento básico de integración social e dereito inalienable das persoas está aínda lonxe de ser alcanzado. Na actualidade o acceso á vivenda segue a constituír unha das principais trabas á normalización da situación da poboación gitana, sendo expresión dun dobre fenómeno: a desigualdade e a discriminación social que padece o colectivo.

A situación da poboación gitana en Galicia no que atinxe ao acceso á vivenda ten mellorado notablemente, o que se traduciu na redución do chabolismo. Aínda que un de cada tres xitanos segue habitando en infravivendas, a dinámica social e as actuacións públicas facilitaron un acceso masivo da poboación gitana á vivenda normalizada, ben a través da construción de promoción pública ben mediante o acceso no mercado privado en propiedade ou alugueiro.

Porén, os actuais mecanismos administrativos para facilitar o acceso a este ben básico revélanse como claramente insuficientes: as tradicionais políticas de promoción pública de vivendas, cada vez máis escasas á vez que centradas case en exclusiva na compra dos inmobles, evidéncianse a día de hoxe, e por razóns diversas, como ineficaces. Por outro lado, precísase dunha clara e decidida colaboración entre as distintas administracións de cara a fornecer solucións neste ámbito,

⁹ Cfr. *A situación da poboación gitana en Galicia*, páx. 55.

centrando os esforzos na erradicación do chabolismo, fenómeno que segue a afectar a aproximadamente un terzo da poboación galega xitana.

Desde este punto de vista, existe un notable diferencial negativo da poboación xitana de Galicia respecto do conxunto da poboación xitana de España, que non chega ao 20% de chabolismo no seu conxunto, sendo a nosa comunidade autónoma con maior porcentual de familias chabolistas con gran diferenza respecto das seguintes con peores situacións. E iso nun contexto onde cómpre erradicar definitivamente o chabolismo para evitar o seu rebrote a través do asentamento de novas persoas e comunidades procedentes de máis alá das nosas fronteiras. O horizonte de libre circulación de persoas procedentes de países que padecen unha forte exclusión social da comunidade xitana e unha importante migración desta, situado arredor de 2011, enfróntanos coa necesidade de procurar avances moi rápidos nun período de tempo relativamente breve.

Este conxunto de actuacións é pertinente se queremos evitar multiplicar os gastos neste ámbito de actuación nun futuro próximo, sobre todo tendo en conta que o crecemento vexetativo dos núcleos chabolistas duplica o da poboación xitana asentada en vivendas de altura e que o potencial migratorio pode anular o efecto positivo das medidas de erradicación do chabolismo pasadas e actuais.

DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN CHABOLISTA XITANA EN GALICIA¹⁰

Provincia	CAMPAMENTOS CHABOLISTAS			CAMPAMENTOS DE INFRAVIVENDAS		
	NÚMERO	PERSOAS	Media de persoas en cada asentamento	NÚMERO	PERSOAS	Media de persoas en cada asentamento
A Coruña	21	846	40,3	7	603	86,1
Lugo	3	60	20	1	246	246,0
Ourense	9	397	44,1	4	135	33,8
Pontevedra	12	196	16,3	2	390	195,0
TOTAL ANO 2000	45	1.499	33,3	14	1.374	98,0
TOTAL ANO 1990	52	2.194	42,2	10	1.130	113,3

A forte discriminación social que padece o colectivo no que atinxe ao acceso á vivenda de aluguer, terreo no que a indefensión xurídico-administrativa é notoria, tamén pon de manifesto a necesidade dunha urxente intervención dos poderes públicos, dando cumprimento ao mandato constitucional que os insta a promover as condicións que fagan posible a igualdade de todos os cidadáns e cidadás.

Ao propio tempo, convén dispoñer de mecanismos que minoren a actual morosidade das familias xitanas respecto das súas obrigas como inquilinos e que melloren a situación das vivendas no

¹⁰ A situación da poboación xitana en Galicia, páx. 33.

momento da súa devolución, unha das circunstancias que contribúen a consolidar unha imaxe social negativa respecto do uso indebido das familias xitanas das vivendas de aluguer. Estas medidas poden afectar á educación familiar e ao seguimento das familias, pero poderían conectarse tamén coas políticas de garantías de rendas, porque os avatares destas acaban repercutindo negativamente naquelas.

2.3.- EDUCACIÓN

En termos xerais, nos últimos trinta anos conseguiuase a incorporación dos nenos e nenas xitanos ao marco educativo xeral, primeiramente a través das *escolas-ponte*¹¹, e, nestes momentos, no sistema escolar ordinario, o que se reflicte na normalización de parámetros e estatísticas de matriculación. Esta incorporación é determinante para explicar o crecemento na taxa de alfabetización de persoas adultas xitanas.

Aínda que este acceso ao sistema educativo e a redución do analfabetismo corrixen eivas fundamentais da circulación social normalizada da comunidade xitana, hoxe en día os problemas dos rapaces xitanos relaciónanse coa adaptación ao contorno educativo, o absentismo e o fracaso escolar, fenómenos que, en boa medida, están asociados a unha falta de valoración cultural, por causas complexas, do traballo intelectual e mesmo da formación profesional. Deste xeito, tales manifestacións, aínda que non se poidan facer extensibles ao conxunto da poboación xitana, presentan unha clara relación, igual que outros aspectos do benestar, coa situación dos sectores máis desfavorecidos social e economicamente. Así, estas problemáticas só se verán mitigadas a través da continuidade de políticas de integración, cohesión e intensificación da implicación de pais e nais, persoal docente e institucións educativas.

Tendo en conta a situación de partida, cabe facer un balance positivo do que supuxo a incorporación da comunidade xitana ao sistema escolar. O cambio experimentado en materia educativa nas últimas dúas décadas foi máis que notable, incrementándose moi significativamente o tempo de permanencia nos niveis de Educación Primaria. No entanto, o menor rendemento escolar e o absentismo continúan sendo os principais obstáculos para a normalización do colectivo neste eido, este último, con especial incidencia no tránsito da Educación Primaria á Secundaria.

MATRICULACIÓN ESCOLAR DA POBOACIÓN XITANA SEGUNDO O NIVEL DE ENSINANZA (DE 3 A 16 ANOS)¹²

Alumnos/as	E. INFANTIL			E. PRIMARIA			E. SECUNDARIA			TOTAL		
	H	M	T	H	M	T	H	M	T	H	M	T
N.º DE ALUMNOS/AS	146	159	305	523	515	1.038	153	114	267	822	788	1.610
TAXA DE MATRICULACIÓN %	59	67	63	86	83	84	45	34	40	72	70	71

H: homes; M: mulleres; T: total.

¹¹Escolas exclusivas para o alumnado xitano que tiñan por obxectivo compensar as súas carencias socioeducativas antes de proceder á súa plena normalización.

¹²A situación da poboación xitana en Galicia. Páx. 45 (Cit. A comunidade Xitana en Galicia 1990-2000).

Os datos evidencian unha certa normalidade nos tramos de Educación Infantil e Primaria, con datos relativamente mellores para a escolarización preobrigatoria. Pero poñen de manifesto un abandono temperán da Educación Obrigatoria, especialmente no caso das mulleres, cun diferencial de 11 puntos porcentuais en detrimento delas. No conxunto da escolaridade analizada a diferenza respecto da norma chega case a 30 puntos no conxunto. As máis das veces a desescolarización vén precedida dun absentismo crecente, para o que non temos máis que datos fragmentarios.

Correspóndelles, pois, ás distintas administracións, especialmente á competente en materia educativa, articular todos os mecanismos necesarios destinados a impedir a progresiva retirada do sistema escolar que ten lugar, se non de xeito formal, si na práctica cotiá.

Este balance razoablemente positivo non debe facernos perder de vista o importante diferencial educativo que separa a comunidade xitana de Galicia do conxunto da poboación xitana en España, nin tampouco o diferencial, aínda máis agudo, entre a poboación xitana de Galicia e a poboación galega en xeral, que sitúa unha desvantaxe que só pode ser minorada mediante un esforzo concertado entre os diferentes actores e sostido no tempo.

Así mesmo, a perspectiva da diversidade cultural debe impregnar os deseños das políticas educativas, contemplando contidos que inclúan referencias á historia e á cultura do pobo xitano.

2.4.- EMPREGO E PROMOCIÓN ECONÓMICA

Ao longo dos últimos cincuenta anos a poboación xitana atravesou por un duro proceso de adaptación a novas actividades laborais caracterizado por altas taxas de subemprego e emprego somerxido en actividades como a recollida de chatarra e a venda ambulante, ocupacións exercidas por conta propia ás que se van sumando outras por conta allea. De calquera xeito, agás polo significado aínda decisivo do negocio da venda ambulante, dinámico e próspero ata hai ben pouco, a precariedade laboral segue a ser unha realidade para a comunidade xitana, un factor esencial se se ten en conta que, en definitiva, o emprego determina as condicións de vida das familias, e máis en concreto, aspectos como o acceso á vivenda e a mellora da situación educativa das futuras xeracións¹³.

A pesar dos avances experimentados no plano formativo, este segue a ser un dos eidos en que se evidencia un progreso máis ben discreto. Distintos obstáculos, de carácter subxectivo que afectan ao colectivo, como os déficits educativos de partida ou a desmotivación en determinados campos profesionais, pero tamén exóxenos, como o deseño e planificación dos itinerarios, a organización horaria das accións formativas, etc., impiden que se poida facer un balance en termos plenamente satisfactorios.

¹³A situación da poboación xitana en Galicia, páx. 38.

ESTRUTURA OCUPACIONAL DA POBOACIÓN XITANA EN GALICIA¹⁴

Ocupación	1983	1990	2000
Venda ambulante	38,8	52,0	62,7
Chatarra	42,7	27,0	24,3
Traballo por conta allea	13,1	8,5	8,3
Agricultura	-	1,0	-
Empregos tradicionais	2,3	3,5	0,8
Marisqueo	2,9	-	2,7
Outros	0,2	8,0	1,2
TOTAL	100	100	100

Fonte: *Los gitanos en situación de extrema necesidad en Galicia*. GRUPO AMAT, 1983.

La Comunidad Gitana en Galicia. Xunta de Galicia, 1992.

A comunidade xitana en Galicia 1990-2000. Xunta de Galicia, 2002.

Podemos observar como, a medida que diminúe o peso porcentual das ocupacións tradicionais e do propio chatarreo tamén diminúe a ocupación por conta allea, situación que se produce con importante atraso respecto do conxunto do Estado, mentres que non para de medrar a venda ambulante, que na actualidade entrou nunha fonda crise.

Xa que logo, máis alá do elemento de responsabilidade da propia comunidade xitana no que atinxe á asunción do valor da educación e a formación dos individuos, correspóndelles ás administracións públicas o establecemento de medidas de discriminación positiva que faciliten o seu acceso ás accións formativas e de mellora da empregabilidade, así como o desenvolvemento dunha adecuada planificación de itinerarios formativos.

En canto ao emprego, a venda ambulante, principal actividade económica da comunidade xitana, comeza a verse inmersa nunha crise estrutural á que cómpre dar resposta. A profesionalización e modernización desta actividade comercial constitúe, de feito, un reto a curto prazo. O emprego por conta allea debe perfilarse como unha alternativa real á venda ambulante, realidade que aínda segue a ser minoritaria entre o colectivo, debido a moi diversos factores, pero tamén, sen dúbida, á persistencia de barreiras discriminatorias.

2.5.- SAÚDE

Aínda que hoxe en día a extensión da cobertura sanitaria é plena, a comunidade xitana, como minoría desfavorecida social e economicamente e como colectivo culturalmente diferenciado da sociedade maioritaria, padece unha situación real de desigualdade no ámbito sanitario que a converte, desde a perspectiva da saúde, nun sector de poboación máis vulnerable. Ademais, o elemento da desigualdade de xénero revélase aquí con máis forza, en tanto que as mulleres xitanas son as principais vítimas dun deficiente acceso á saúde, derivado tanto da propia organización familiar como dos tabús culturais asociados á sexualidade¹⁵.

¹⁴A situación da poboación xitana en Galicia, páx. 37.

¹⁵A situación da poboación xitana en Galicia, páx. 42.

EVOLUCIÓN DA COBERTURA MÉDICA FAMILIAR. PESO PORCENTUAL

Tipo de cobertura	1983	1990
Cartilla de Seguridade Social	7,0	36,0
Antiga cartilla de beneficencia/Tarxeta sanitaria	33,0	46,0
Sen cobertura sanitaria	60,0	18,0
<i>TOTAL</i>	<i>100</i>	<i>100</i>

Fonte: (1983) *Los gitanos en situación de extrema necesidad en Galicia*. GRUPO AMAT, 1983.

(1990) *La Comunidad Gitana en Galicia*. Xunta de Galicia, 1992.

En concreto, a universalización do acceso ao sistema sanitario público fixo posible a mellora da saúde dos membros da comunidade xitana, avance que se reflicte en distintos indicadores, como o incremento da esperanza de vida, así como na maior realización de controis pediátricos e xinecolóxicos; noutros terreos, porén, os progresos son menos significativos. É por iso que o principal reto ao que se enfronta o colectivo no plano da saúde é o da prevención, tanto no que respecta ao seguimento de hábitos saudables, especialmente no que atinxe á nutrición, como en relación coa realización de revisións médicas periódicas, ambos os aspectos claramente condicionados pola ausencia dunha cultura sanitaria precedente.

Por outro lado, salvo episodios concretos por parte do persoal sanitario, non pode falarse de discriminación cara ao colectivo desde o sistema sanitario, aínda que se constata un acceso desigual en termos comparativos co resto da poboación, especialmente entre a poboación feminina. De feito, e sen entrar en contradición co sinalado anteriormente en relación co plano xinecolóxico-reprodutivo, as mulleres constitúen un colectivo especialmente vulnerable e, de feito, o máis afectado por ese desigual acceso.

2.6.- CULTURA E PARTICIPACIÓN SOCIAL

A crecente interacción coa sociedade maioritaria, os constantes cambios da sociedade contemporánea e aqueles propios das transicións xeracionais, fan que a comunidade xitana se vexa inmersa nun intenso proceso de transformación cultural. O cambio cultural como sinónimo de proceso de aculturación é, no entanto, característico daquelas comunidades ou grupos en situación económica precaria ou de exclusión social, mentres que, pola contra, o respecto pola tradición e a conservación dos signos de identidade propios da cultura xitana están, en termos xerais, máis presentes nos grupos que ocupan unha mellor posición socioeconómica.

O Evanxelismo é, neste sentido, un dos principais axentes responsables desta fonda transformación; non é, pois, un fenómeno exclusivamente relixioso, en canto dimensión espiritual, moral e cultural, senón tamén, de xeito ben directo, cultural e social, que presenta luces e sombras, en tanto que se configura como portador de elementos favorecedores da normalización do colectivo, pero tamén segregadores e retardatarios do avance social.

Nos últimos vintecinco anos a poboación xitana veu desenvolvendo plataformas de carácter social e político para representar os seus propios intereses, e, ao tempo, incrementando a súa participación noutras de significado máis xeral, como, por exemplo, as centradas na vivenda ou na educación. No primeiro dos casos, este aumento da dinámica asociativa, que permite afirmar que en Galicia actualmente o asociacionismo xitano é un fenómeno en expansión, non nega eivas considerables expresadas nunha notable debilidade estrutural daquel. No segundo tampouco se traduce, as máis das veces, nun nivel de integración e protagonismo equiparable ao da poboación xeral, debendo concluírse unha aínda escasa presenza xitana nas organizacións e ámbitos de participación ordinarios, é dicir, en espazos asociativos comúns coa sociedade maioritaria, como as asociacións de nais e pais de alumnos/as (ANPAS), os sindicatos e partidos, e o movemento veciñal.

3.- PRINCIPIOS REITORES DO PLAN

O Plan de desenvolvemento xitano debe estar articulado arredor de principios suficientemente apoiados en opcións políticas de cidadanía activa que posibiliten o desenvolvemento de metodoloxías que conxuguen o reforzo das actuacións de carácter xeral que permitan o acceso á corrente principal de inclusión social (*mainstreaming*) con outras de carácter específico que posibiliten a superación das desigualdades e da discriminación, desde unha concepción avanzada do principio de igualdade de oportunidades.

A. A NORMALIZACIÓN COMO CRITERIO DE ACTUACIÓN

A normalización é o principio central que debe rexer as actuacións con poboación xitana. Desde o noso punto de vista, as medidas de carácter xeneralista (*mainstreaming*) teñen prioridade sobre as actuacións específicas (*targeting*) porque as primeiras constitúen políticas paritarias de cidadanía, mentes que as segundas son medidas de reforzo para compensar as principais carencias das comunidades e colectivos máis desfavorecidos.

- Na medida en que sexa posible, trátase de incorporar os xitanos aos servizos normalizados establecidos para o conxunto dos cidadáns. A normalización require un reforzo da accesibilidade social e cultural deses servizos:
 - Os servizos públicos ou concertados aos que chega a poboación xitana realizarán un esforzo de adaptación para facilitar o seu acceso (centros de servizos sociais, centros de atención a drogodependentes, centros de formación profesional , etc.).
 - Os equipos de traballo adscritos especificamente ao plan actuarán como estruturas de mediación e terán como función mobilizar os xitanos e acompañalos para o acceso e correcto uso dos servizos normalizados, de atención primaria, vivenda...
- En determinados contextos será necesario poñer en marcha servizos específicos e adaptados á poboación xitana como único xeito de garantir a súa atención e promoción. Nesas circunstancias estará planificados sempre de modo que sexan integradores e non segregadores; para iso, cómpre que estean coordinados cos servizos normalizados, abertos á poboación xitana.
- A igualdade de oportunidades no acceso normalizado aos servizos, recursos e dereitos debe ser unha pauta de traballo para abordar a normalización.

B. O ENFOQUE INTERCULTURAL

Fronte aos puntos de vista multiculturalais, que defenden a diversidade cultural como un ben absoluto que hai que conservar, a perspectiva intercultural significa aceptar as limitacións de cada cultura, así como a capacidade de fecundar a cidadanía común. Logo, o punto de referencia é a

ciudadanía, como conxunto de dereitos e deberes individuais, no que se enmarcan e limitan os dereitos comunitarios e culturais. Daquela, actuar cun planeamento intercultural significa:

- As actuacións perseguirán prioritaria e fundamentalmente o desenvolvemento das persoas xitanas.
- As actuacións irán sempre orientadas a fomentar a convivencia, a comprensión mutua e a mellorar as relacións entre as persoas que conforman a comunidade minoritaria xitana e as do conxunto da sociedade maioritaria.
- Toda actuación terá en conta as características culturais da poboación xitana, sempre no horizonte compartido de dereitos e deberes cívicos.
- Hase potenciar o desenvolvemento da cultura xitana e a súa identidade como pobo, nun contexto de desenvolvemento e emancipación individual e de cidadanía activa das persoas xitanas.
- As actuacións do Plan de Desenvolvemento Xitano (PDX) irán dirixidas preferentemente á poboación xitana, sen excluír a ningún outro cidadán e sempre abertas a persoas non xitanas.

Os equipos de traballo adscritos especificamente ao plan deben incorporar o punto de vista intercultural, tratando de mobilizar profesionais e axentes comunitarios de cultura xitana.

C. A IMPLICACIÓN ACTIVA DA PROPIA COMUNIDADE XITANA NUN PROCESO DE CAMBIO

Toda actuación que se realice coa poboación xitana no marco do PDX terá que contar co apoio e a participación dos propios xitanos no seu propio proceso de cambio. Desde o punto de vista operativo iso require que:

- Nos barrios onde se actúe cómpre contar coa vontade de cambio e de mellora da comunidade. Do contrario, hai que realizar un traballo previo de sensibilización.
- A implicación da comunidade xitana debe articularse nas distintas fases e ao longo de todo o proceso da intervención: no diagnóstico, no desenvolvemento das actuacións e na avaliación destas. A planificación técnica debe asegurar que esa participación se produza no marco dunha clara "orientación ao usuario".
- É preciso negociar previamente o traballo que se vai desenvolver e pactar os compromisos mutuos; iso require atopar os interlocutores axeitados e as linguaxes compartidas que son oportunas para tal efecto.
- Cómpre facer un esforzo por ir atopando en cada un dos barrios en que se vai intervir as persoas axeitadas que contribúan, en tarefas directivas e/ou mediadoras, á mobilización e á organización da poboación xitana arredor dunha proposta de transformación social e cultural e de participación cívica en igualdade de dereitos e deberes.

Trátase, en definitiva, de garantir que a comunidade xitana sinta como propio o proceso que este PDX quere poñer en marcha e, polo tanto, sinta tamén como necesaria a súa participación activa

no que se está a facer e faga seus os obxectivos que se pretenden acadar (factores claves que garantirán o nivel de éxito alcanzado polo plan).

D. A CORRESPONSABILIDADE SOCIAL NA INTERVENCIÓN

Debe planearse unha coordinación efectiva entre o conxunto das Administracións e as entidades de iniciativa social que interveñan no PDX, apelando á súa responsabilidade social tanto individual (en canto axentes sociais cun traballo xerado independente uns dos outros), como colectiva (en canto que constitúen unha rede de traballo facilitadora de recursos e elementos do cambio social interdependentes uns dos outros), traballo que debe ser coordinado de forma efectiva especialmente na súa concreta articulación territorial:

- O PDX establecerá un sistema de coordinación fluído entre servizos e axentes sociais das localidades en que se actúa para favorecer a información mutua e acordar criterios de actuación.
- É necesario propoñer medidas concretas que posibiliten o establecemento de sinerxías e que eviten a duplicidade das actuacións.
- Convén intentar dispoñer doutros recursos procedentes da Administración central e de organismo europeos que poidan reforzar as intervencións do plan.

4.- OBXECTIVOS

4.1.- OBXECTIVO XERAL

O obxectivo xeral do PDX é a normalización das condicións de vida das xitanas e xitanos de Galicia, mellorando a súa incorporación efectiva aos servizos da sociedade de benestar, os seus estándares de vida e desenvolvendo a súa propia identidade cultural.

4.2.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- 1.- Acadar a maioritario **acceso** da poboación xitana galega aos servizos normalizados, así como o uso adecuado destes.
- 2.- Transmitir á sociedade maioritaria unha **imaxe social** máis obxectiva e positiva da poboación xitana
- 3.- Promover a **igualdade e desenvolvemento da muller xitana** mediante accións positivas que compensen a desigualdade real de oportunidades.
- 4.- Acadar a plena normalización educativa do alumnado xitano¹⁶.
- 5.- Mellorar a empregabilidade da poboación xitana a través de **espazos socioformativos compensatorios** e de medidas para o acceso ao emprego e ao autoemprego.
- 6.- **Promover de forma integral a saúde** no seo da comunidade xitana e favorecer o uso normalizado dos recursos sanitarios para lograr a equiparación cos estándares de saúde da poboación xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 7.- Completar os procesos de **normalización no ámbito da vivenda**.
- 8.- Xerar un proceso de **liderado democrático e transparente** no seo da propia comunidade xitana, potenciando a participación social e a actividade cultural tanto en plataformas cívicas como en organizacións propias.
- 9.- Garantir os dereitos fundamentais das persoas xitanas e o seu acceso aos bens e servizos, tanto públicos como de mercado, en condicións de igualdade de oportunidades que reforcen o pleno exercicio da súa cidadanía.

¹⁶Entendemos por normalización educativa a coincidencia coas medias estatísticas respecto ao acceso á escola, á asistencia ás aulas, á interacción social na aula e no xogo, aos logros académicos, á participación da familia e ao recoñecemento da diversidade cultural.

5.- PROPOSTA DE MEDIDAS E ACTUACIÓNS

5.1.- SERVIZOS SOCIAIS

OBXECTIVO

Acadar a maioritaria **participación** da poboación xitana galega nos servizos normalizados, así como unha correcta atención e uso destes.

PRIORIDADES

Normalización das condicións de vida das xitanas e xitanos de Galicia, mellorando a súa incorporación efectiva aos servizos da sociedade de benestar mediante:

- A mellora da incorporación aos servizos sociais.
- A consolidación de estruturas de mediación e acompañamento.
- A orientación para os profesionais dos servizos públicos e de iniciativa social que atenden a poboación xitana, dándolles claves para actuar ante os problemas e procurando respostas coherentes coa natureza e obxectivos deste plan.
- O impulso da plena participación das persoas xitanas na vida comunitaria das localidades en que residen e na sociedade en xeral.

MEDIDAS

- 1.- Medida: **Reforzo dos itinerarios de inclusión social vinculados á percepción da RISGA, desenvolvendo destrezas básicas, habilidades sociais, formación de persoas adultas, e itinerarios de acceso á formación profesionalizadora e ao emprego.**
 - Elaboración de itinerarios de inclusión integrais e adaptados culturalmente.
 - Fomentar a participación dos diferentes axentes tanto na elaboración como na posta en marcha dos itinerarios (RISGA, outras prestacións...)
 - Titorización dos itinerarios.
 - Relacionar os itinerarios de inclusión co acceso á vivenda e ao emprego.
 - Programación de cursos operativos con saída laboral para perceptores de RISGA.
 - Revisión, adaptación e, se fose o caso, ampliación dos complementos de inserción da RISGA, asegurando ingresos económicos estables e suficientes para a inserción mediante o cumprimento do estipulado no itinerario.
 - Establecer exixencias concretas e proporcionadas aos medios dispoñibles, orientadas á inserción sociolaboral dalgún dos membros das unidades de convivencia.

- Dotación específica de medios e recursos para a integración social e desenvolvemento comunitario para poder diversificar áreas de intervención.
- 2.- Medida: **Estudo dos mecanismos de atención ás situacións de *emergencia social* e mellora dos procedementos que garantan o acceso á subsistencia e evite a deterioración social das persoas e familias que están en peores condicións e de tramos máis flexibles de carácter discrecional.**
- Elaboración de protocolos de actuación da xestión da *emergencia social* entre todos os axentes implicados, con especial implicación dos servizos sociais de atención primaria.
- 3.- Medida: ***Identificación dos efectos positivos e dos que deben ser corrixidos das diferentes políticas e actuacións públicas sobre o benestar e a participación social das persoas xitanas.***
- Establecemento de medidas intensivas en concellos poboados con porcentaxe de poboación xitana elevada.
 - Realización de cursos de formación sobre a cultura xitana e a intervención en contextos interculturais para profesionais de atención primaria.
 - Investir recursos en incorporación de persoal de servizos sociais de etnia xitana.
- 4.- Medida: **Establecemento dun procedemento de identificación e difusión de *boas prácticas* en materia de intervención coa comunidade xitana.**
- Realización dun foro anual coa participación de persoal das diferentes administracións e das entidades que interveñen coa comunidade xitana para o diagnóstico da situación, o intercambio de experiencias, a identificación de boas prácticas e a identificación das liñas de futuro.
 - Elaboración dun manual de boas prácticas no eido dos servizos.
 - Fomento de actividades de intercambio con outras comunidades autónomas.
- 5.- Medida: **Revisión de procedementos e homoxeneización do tratamento das problemáticas de protección de *menores* no ámbito da comunidade xitana, garantindo o carácter socioeducativo e respectando o ben do menor como criterio último nos programas que se establezan.**
- Programas de prevención en materia de menores e de adaptación en centros de menores, servizos prestados polos técnicos que coñezan a cultura xitana.
 - Creación dunha rede de coordinación entre os diferentes axentes, tanto públicos como privados (xulgados, equipo de menores da Xunta, institucións sociais que traballan con menores xitanos).
 - Realización de obradoiros e programas de educación de rúa como modo de xestión responsable do tempo de lecer e participación nos recursos comunitarios.
 - Reunións de colaboración e asesoramento por parte dos servizos especializados en minorías cos de atención ao menor (técnicos, centros de atención de día, centros residenciais...).

6.- Medida: **Avaliación das políticas de igualdade de xénero para a incorporación real das mulleres xitanas á igualdade de oportunidades.**

- Creación dunha comisión (grupo de expertas) para avaliar os recursos e establecer medidas de adaptación sociocultural das políticas de igualdade ás mulleres xitanas.
- Impulsar accións que posibiliten a conciliación da vida familiar e laboral das mulleres xitanas.

5.2.- VIVENDA

OBXECTIVO

Completar os procesos de **normalización no ámbito da vivenda.**

PRIORIDADES

- Erradicar o chabolismo na Comunidade Autónoma de Galicia
- Mellorar o acceso á vivenda normalizada.
- Formar as persoas en proceso de cambio de vivenda.
- Sensibilizar os axentes económicos e sociais para a acollida e a integración normalizada

MEDIDAS

1.- Medida: **Establecemento dun compromiso efectivo, por parte das administracións competentes e dos axentes sociais para a erradicación definitiva do chabolismo na nosa comunidade autónoma durante a próxima década.**

- Realización dun estudo sobre a situación do chabolismo en Galicia.
- Realización dun seminario específico onde se expoñan as medidas existentes na comunidade autónoma e onde se estuden as propostas realizadas que poidan ser aplicables a estas medidas.
- Revisión, actualización e mellora do Plan Galego de Vivenda e do Plan de Erradicación do chabolismo.
- Coordinación dos plans de erradicación do chabolismo autonómico e local, para a creación de bolsas de vivenda en aluguer ou venda.
- Deseño, execución e seguimento dos proxectos de realoxamento por parte do equipo específico formado por técnicos e mediadores.
- Impulsar medidas de acompañamento social nos procesos de realoxamento: Medidas educativas antes, durante e despois do cambio de domicilio.
- Establecemento de medidas educativas complementarias: educadores de rúa e barrio permanentes.
- Evitar a concentración de familias no mesmo bloque e no mesmo barrio.

- Implicar os equipos específicos de vivenda e realoxamento e os servizos sociais de atención primaria na delimitación e seguimento das situacións de emerxencia social.
 - Campañas de sensibilización social e reforzo para favorecer a convivencia das familias xitanas nos procesos de realoxamento.
- 2.- Medida: **Desenvolvemento de actuacións específicas para lograr o acceso e permanencia das familias xitanas a vivendas de aluguer, no marco da bolsa de vivenda e das políticas xerais de accesibilidade social.**
- Facilitar a xustificación de medios económicos para o acceso a calquera vivenda.
 - Acreditación de necesidade de vivenda: modificar o baremo e flexibilizar criterios económicos para o acceso.
 - Procurar axustar as características das vivendas ás necesidades das familias.
 - Accións positiva en favor das familias xitanas na bolsa de alugueiro.
- 3.- Medida: **Establecemento de liñas financeiras para o acceso á compra de vivenda usada como mecanismo alternativo á construción de vivendas de promoción pública.**
- Creación dun fondo de garantía para cubrir os riscos de faltas de pagamentos derivadas de situacións de emerxencia social transitoria.
 - Impulso de convenios entre as AAPP e as entidades bancarias para facilitar o acceso das familias xitanas a créditos hipotecarios.
 - Negociar medidas e compromisos especiais de financiamento coas obras sociais de caixas de aforros e outras fundacións.
- 4.- Medidas: **Reforzo do acceso das familias xitanas á vivenda normalizada e mellora das condicións das vivendas empregadas polas persoas xitanas.**
- Crear puntos de información en materia de vivenda.
 - Mellora da información do Plan Galego de Vivenda e do Plan de Erradicación do chabolismo de Galicia, así como outras axudas ás que poidan ter acceso as persoas xitanas.
 - Información e orientación sobre a bolsa de vivenda.
 - Preferencia no acceso á VPO para as familias beneficiarias da RISGA.
 - Establecer proxectos de inserción derivados das prestacións sociais que contemplen o acceso e mantemento da vivenda en aluguer acompañados de medidas de educación familiar, convivencia veciñal e participación social.
- 5.- Medida: **Realización de actuacións específicas para acometer a erradicación dos poboados chabolistas máis conflictivos e de maior dimensión.**
- Elaboración dun censo específico de familias, persoas e problemáticas; de localización, propiedade, equipamentos e perigosidade do asentamento, evolución e liñas de intervención en marcha.
 - Establecemento dun plan de actuación para o conxunto do asentamento, detallando o alcance, o calendario e as prioridades de actuación.

- Posibilidade de desenvolvemento de medidas de carácter transitorio de aloxamento para mellorar as actuais condicións de vida e para a realización de itinerarios individualizados de inclusión social e educación familiar.
- Procura de aloxamento de carácter definitivo, en vivenda normalizada, preferentemente dispersa, evitando a concentración e facilitando (na medida do posible) o apoio mutuo do grupo familiar.
- Avaliación anual das actuacións desenvolvidas e avaliación final do conxunto do proceso e dos resultados acadados.

6.- Medida: ***Facilitación da emancipación das mulleres xitanas mediante medidas de recoñecemento da súa especial dificultade para o acceso a unha vivenda normalizada e a unha autonomía real respecto da súa familia extensa.***

- Vincular e adaptar as axudas económicas específicas para mulleres a compromisos relacionados co acceso á vivenda e coa mellora da empregabilidade para o mantemento desta e da súa autonomía.

5.3.- EDUCACIÓN

OBXECTIVO

Acadar a plena normalización educativa do alumnado xitano.

PRIORIDADES

- Reducir o absentismo e promover a asistencia ás aulas.
- Establecer medidas de acompañamento para o tránsito de Primaria a Secundaria Obrigatoria.
- Crear espazos de reforzo formativo no ámbito non formal para a infancia e a mocidade.
- Introducir referencias á historia e á cultura do pobo xitano dentro das medidas de recoñecemento da diversidade cultural.

MEDIDAS

1.- Medida: ***Plena normalización do alumnado xitano de Educación Primaria, con especial insistencia no logro do éxito escolar, na prevención do absentismo e a desescolarización e na atención da diversidade cultural.***

- Itinerarios educativos familiares que busquen unha maior implicación das familias en todo o relacionado co sistema educativo. Fomentar a participación activa dos pais e nais nos centros educativos.
- Facilitar a comunicación e achegamento das familias á escola.
- Protocolos de absentismo escolar: revisar, mellorar e homoxeneizar o proceso para a súa axilización e efectividade.

- Cumprimento efectivo da cota de alumnado con necesidades especiais.
- Procurar evitar guetos nos colexios.
- Porcentaxe de nenos xitanos en colexios concertados.
- Crear escolas de pais e nais para favorecer a participación das familias xitanas a escola. Incorporar compoñentes motivadores para as familias.
- Non transmitir a idea de escolarización como unha esixencia, senón como oportunidade. É preciso traballar na concepción que teñen as familias xitanas da educación.
- Actuacións que promovan cambios de comportamento/actitudes...
- Indagación nas causas do absentismo: distancia do centro escolar, falla de mecanismos de conciliación...
- Evitar a exclusión do centro como mecanismo sancionador do absentismo.
- Información de servizos que faciliten a erradicación do absentismo, como o plan ma-druga, comedores, actividades extraescolares, etc.
- Importancia da Educación Infantil: atender ao seu absentismo, aínda que non sexa obrigatoria.

2.- Medida: **Reforzo da escolarización secundaria do alumnado xitano, universalizando a escolarización en educación secundaria obrigatoria e posibilitando a obtención do gra-duado na ESO.**

- Incorporar medidas de apoio para fomentar o tránsito de Primaria a Secundaria (ma-terialización das prioridades).
- Realización dun encontro anual de estudantes xitanos de Educación Secundaria.

3.- Medida: **Procurar a incorporación de persoas xitanas aos tramos superiores da educa-ción non obrigatoria: a Educación Secundaria Postobrigatoria, a Ciclos Formativos e a Educación Superior.**

- Incentivar a familias cuxos fillos acceden á Educación Superior, especialmente fillas.

4.- Medida: **Establecemento dun itinerario para a formación de persoas adultas, desde os ni-veis básicos de alfabetización ata a obtención do título da ESA.**

- Sensibilizar o conxunto da poboación xitana sobre a aprendizaxe continua e a nece-sidade de reciclar os coñecementos académicos e profesionais.
- Posta en marcha de medidas de apoio e seguimento para favorecer a educación per-manente de adultos (por exemplo, creando espazos comúns).
- Creación dun comité de seguimento da formación de adultos, formado por repre-sentantes dos diferentes axentes implicados.
- Actividades de formación para profesionais, tanto das administracións públicas como das organizacións sociais, sobre o sistema nacional de cualificacións e formación pro-fesional
- Desenvolvemento de programas de garantía social compensatorios (programas de cualificación profesional inicial) que permitan unha cualificación e certificación pro-

fesional en sectores laborais profesionalmente demandados e o acceso á formación profesional de niveis superiores.

- Accións de formación adaptadas para a preparación de probas libres de formación profesional para a obtención do título de técnico e técnico superior.
- Accións de formación preparatorias para as probas de acceso aos ciclos de formación profesional.
- Coordinación de los sistemas de orientación profesional e educativos.

5.- Medida: **Capacitar o profesorado e as escolas para o recoñecemento positivo da diversidade cultural e para asumir o reto da *educación intercultural*.**

- Realización de cursos de formación permanente do profesorado sobre a educación intercultural.
- Inclusión da educación intercultural no currículo das escolas de formación do profesorado (Maxisterio).
- Formación do profesorado na cultura xitana.
- Coidado dos mestres nas súas actitudes: Procurar que os mestres se preocupen máis dos nenos xitanos, e contactar antes cos pais que co concello.
- Recoñecemento da cultura e a historia do pobo xitano no proxecto educativo de centro naqueles centros onde exista un porcentual significativo de alumnado xitano.
- Impulsar e promover como contido transversal a diversidade cultural en todo o sistema educativo.
- Promover políticas educativas que contemplan referencias á historia e cultura da comunidade xitana, que estas formen parte do proxecto curricular e que se teñan en conta como temas transversais nos distintos contidos do proxecto educativo e curricular de centro.
- Mediación nos centros educativos para resolver situacións especiais buscando alternativas adecuadas ás características da comunidade xitana para favorecer o achegamento das familias ao contorno educativo e facilitando ferramentas educativas para conseguir unha maior efectividade nos resultados académicos.
- Incorporar persoas maiores xitanas nas experiencias de educación interxeracional.
- Representación das persoas xitanas nos órganos educativos (ANPAS, etc.).

6.- Medida: **Eliminación do analfabetismo feminino, redución da desescolarización das mulleres na educación obrigatoria e *diminución do absentismo de nenas e adolescentes*.**

- Facilitar actividades formativas encamiñadas á alfabetización tendo en conta as cargas familiares existentes.
- Instrumentos de acompañamento social e conciliación para levar e traer nenos/as da escola.
- Atención especial ás rapazas para evitar o abandono prematuro na ESO.

5.4.- EMPREGO E PROMOCIÓN ECONÓMICA

OBXECTIVO

Crear e consolidar **espazos socioformativos compensatorios** para a poboación xitana.

PRIORIDADES

- Mellorar a **formación** para o emprego, o autoemprego e as habilidades sociais previas para compensar a desigualdade de oportunidades iniciais no acceso ao mercado laboral.
- Establecer fórmulas de **intermediación laboral** para a detección dos nichos de mercado e das necesidades de man de obra das empresas que as persoas xitanas poden cubrir como forma de acceso ao mercado de traballo normalizado.
- Recoñecer as habilidades e competencias das persoas xitanas adquiridas en ámbitos de emprego non formais para a mellora do autoemprego e para a cualificación dentro do mercado de traballo.

MEDIDAS

- 1.- Medida: **Establecemento de *medidas de acción positiva* que faciliten o seu acceso ás accións formativas e de mellora da empregabilidade *mediante o desenvolvemento de habilidades* sociais, competencias básicas e de destrezas prelaborais.**
 - Diversificar as vías de acceso á formación.
 - Investir no deseño e oferta de accións de adquisición de habilidades sociais e de carácter prelaboral.
 - Adaptación das accións e programas formativos existentes.
 - Adaptación de programas formativos ás características socioculturais das persoas xitanas: elaboración de material didáctico adaptado para accións específicas de formación.
 - Ofertar obradoiros e actividades formativas relacionados coa actividade que xa realizan as persoas xitanas.
 - Incorporación ás novas TIC.
- 2.- Medida: **Deseño de *itinerarios de formación para o emprego*, na formación profesional, ocupacional e continua, sexa en cursos de longa duración, sexa en medidas formativas modulares, conforme as unidades de competencia aprobadas para acadar o certificado de profesionalidade.**
 - Seguimento e acompañamento nas accións formativas e na busca de emprego.
 - Deseño e oferta de itinerarios individuais de inserción en coordinación cos servizos sociais e o sistema público de emprego.
 - Orientación individual e grupal dirixida á motivación para o emprego e a formación.
 - Revisión da concesión cambios na percepción da RISGA para posibilitar a inserción laboral.

- Diseñar e desenvolver formación útil para as persoas e para o mercado de traballo. Accións formativas de cualificación profesional para a inserción laboral por conta allea
- Formación intercultural dos formadores ocupacionais. O formador ocupacional deberá facer recondución do seu alumnado para o emprego (itinerario de empregabilidade).
- Desenvolver unha estratexia de cualificación baseada no acceso aos certificados de profesionalidade. Información e apoio para os técnicos que traballan no eido da formación e o emprego para un posterior asesoramento en materia de unidades de competencia e certificados de profesionalidade.
- Facilitar a acreditación profesional da formación adquirida a través de vías non formais de formación adecuada ás unidades de competencia da ocupación.
- Monográficos sobre ocupacións específicas.
- Desenvolvemento de cursos modulares que permitan a acreditación de unidades de competencias significativas para a inserción laboral.
- Adquisición da condición de colectivo preferente para as accións formativas das administracións públicas.

3.- Medida: **Facilitación do acceso das persoas xitanas ás diferentes medidas de *emprego protexido*.**

- Cotas de contratación (cláusulas sociais) nas institucións públicas. Creación de prazas de reserva para grupos desprotexidos nos procesos de selección de persoal.
- Reserva de prazas nos programas das administracións locais e autonómicas. Adquisición da condición de colectivo preferente para a inclusión nestes programas.
- Coordinación dos técnicos das diferentes AAPP cos técnicos dos axentes sociais para darlles participación nos procesos de selección.

4.- Medida: **Xeneralización de *mecanismos adaptados para o acceso das persoas xitanas, especialmente xente nova e mulleres, ao emprego por conta allea*.**

- Creación e mantemento de programas de emprego que favorezan a incorporación da comunidade gitana ao mercado laboral por conta allea.
- Elaboración de estudos da situación do mercado laboral e das competencias dos traballadores/as xitanos.
- Accións de sensibilización empresarial por parte das administracións públicas.
- Concienciar e sensibilizar os axentes sociais e económicos. Impulso do márketing social das empresas que faciliten a inserción laboral a través do recoñecemento público de boas prácticas
- Convenios con empresas para a súa incentivación á formación con compromiso de contratación.
- Promover escolas-taller, non obradoiros de emprego (non acceden persoas menores de 25 anos), nos concellos para as persoas que fracasan nos estudos.

- Impulso da conciliación da vida laboral e familiar de acordo co principio de **igualdade de xénero**
 - Desenvolvemento do *mainstreaming* de xénero en todo o ámbito empresarial.
 - Establecer servizos de gardarías e de canguros para facilitar o acceso ao traballo das mulleres.
 - Información e orientación de servizos existentes non utilizados, como os servizos de almorzo e comedor nos centros educativos.
- 5.- Medida: **Identificación das problemáticas que afectan ao *comercio ambulante* e aos mercados en medio aberto para o establecemento de medidas eficaces de *reconversión da actividade* ou de recolocación das persoas que viñan desenvolvendo esta actividade noutros ámbitos de actividade económica con maior proxección de futuro.**
- Estudo sobre a situación laboral dos xitanos/as, especialmente no referente a venda ambulante.
 - Formación para profesionalizar a ocupación e estar en condicións de competitividade.
 - Campañas de regularización da venda ambulante.
 - Fomento por parte das administracións locais da venda ambulante (tamén da artesanía).
- 6.- Medida: **Desenvolver a capacidade de *emprendemento autónomo* por parte das persoas xitanas, nomeadamente a través de microcréditos e da titorización das empresas que se poidan constituír.**
- Promoción do cooperativismo e o autoemprego. Garantir ingresos mínimos ata que se poña en marcha a cooperativa.
 - Promoción de iniciativas para que o seguro de autónomos poida ser reducido de acordo coas horas de traballo.
 - Promover empresas de inserción.
 - Detectar posibles emprendedores.
 - Desenvolvemento de módulos formativos en aspectos lexislativos, financeiros e operativos relacionados co emprego por conta propia e a creación de empresas.
 - Posta en marcha de actuacións de asesoramento, seguimento e xestión en todo o proceso de autoemprego.
 - Crear referentes no autoemprego.
 - Posibilitar a viabilidade económica das formas de autoemprego con liñas de axuda económica para iniciativas empresariais
 - Convenios coas entidades bancarias para o financiamento dos emprendedores (microcréditos)
 - Asesoramento e acompañamento para a creación de empresas.
 - Normalización de situacións laborais para evitar actividades relacionadas coa economía somerxida.

5.5.- SAÚDE

OBXECTIVO

Promover de forma integral a **saúde** no seo da comunidade xitana e favorecer o uso normalizado dos recursos sanitarios para lograr a equiparación cos estándares de saúde da poboación xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

PRIORIDADES

- Lograr a equiparación da poboación xitana nos estándares de saúde, esperanza de vida, mortalidade infantil e morbilidade.
- Consolidar os avances actuais en materia de saúde reprodutiva e coidados pediátricos infantís.
- Capacitar os menores para un uso saudable do tempo libre e para a resistencia ás presións de grupo en materia de consumos prexudiciais para a saúde.
- Realizar un planeamento para a atención xeriátrica concertada entre as familias e os recursos públicos existentes ou de nova implantación.

MEDIDAS

- 1.- Medida: **Lograr a plena normalización da poboación xitana nos servizos públicos de saúde, especialmente no tocante á medicina familiar e preventiva, aos servizos de atención primaria e á saúde infantil e reprodutiva.**
 - Establecer un protocolo que permita manter contacto periódico desde os servizos específicos con servizos sanitarios implicados tanto en seguimento de casos individuais como na coordinación para actuacións comunitarias.
 - Información e orientación dirixida á normalización do uso dos servizos públicos de saúde. Acompañamento social no acceso e utilización dos recursos normalizados.
 - Traballo individualizado a través da educación familiar das medidas de acompañamento social e achegamento ao uso normalizado dos recursos vinculadas aos plans de traballo propios da educación familiar.
 - Atención ao aspecto psicolóxico na atención e valoración sanitaria das persoas xitanas.
- 2.- Medida: **Mellorar o uso dos recursos hospitalarios por parte da poboación xitana mediante o coñecemento e facilitación dos xeitos culturais de xestionar a doenza e a morte, así como o respecto, por parte da poboación xitana, das normas hospitalarias.**
 - Curso de formación para a mediación intercultural no ámbito hospitalario.
 - Presenza dunha figura de referencia xitana dentro dos hospitais e centros de saúde. Esta figura pode ser ocasional e debe estar desempeñada por unha persoa con formación específica en mediación cultural no ámbito sanitario.

- Incorporar a figura do mediador xitano no eido da saúde para mellorar as relacións entre o ámbito sanitario e a comunidade xitana, especialmente pero non exclusivamente en situacións de conflito.
- 3.- Medida: **Coñecer os factores epidemiolóxicos con maior incidencia na poboación xitana para actuar de forma preventiva.**
- Elaboración dun estudo sobre a situación sanitaria da comunidade xitana.
 - Realización dun estudo epidemiolóxico.
- 4.- Medida: **Establecer medidas eficaces de educación para a saúde, especialmente no ámbito da prevención das adicións e das enfermidades infecto-contaxiosas.**
- Realizar encontros participativos, formativos e de posta en común de dificultades e de boas prácticas que impliquen tanto os servizos sanitarios como a comunidade xitana.
 - Solicitar aos recursos sanitarios do contorno a súa participación nestes obradoiros como forma de achegamento mutuo entre recursos e comunidade xitana.
 - Educación nutricional e programación de economía de gasto alimentario.
 - Actividades para a promoción de hábitos saudables en canto á alimentación e á hixiene, con especial atención a neonatos, infancia e adolescencia.
 - Atención pediátrica adaptada culturalmente: seguimento regular de cartillas infantís de vacinación e de revisións periódicas.
 - Realización de campañas e obradoiros dirixidos á comunidade xitana nova para traballar a prevención e a promoción da saúde.
- 5.- Medida: **Atención particular ás necesidades sanitarias da muller xitana, desde o respecto á súa vivencia cultural da saúde e da sexualidade, así como á súa privacidade, intimidade e dereito á libre determinación da súa orientación da saúde e a sexualidade.**
- Fomentar as revisións xinecolóxicas periódicas facilitando o acceso ás condicións que máis favorezan cada situación concreta. Atención especial por ser nais moi novas. Formación específica de persoal que o poida facer.
 - Realización de obradoiros informativos e participativos de saúde centrados especialmente nas mulleres.
 - Información e orientación sobre planificación familiar; procura de maior implicación da parella.
 - Fomentar a recuperación da lactación materna.
- 6.- Medida: **Estudo das necesidades de atención xeriátrica das familias xitanas, complementarias cos seus propios recursos familiares e comunitarios, para o establecemento de medidas de atención das persoas maiores.**
- Información e orientación sobre axuda a domicilio e teleasistencia.

7.- Medida: **Formación de profesionais no ámbito sociosanitario para facilitar a comunicación cos pacientes e as súas familias nun contexto de diferenza cultural na comprensión dos procesos asociados á saúde, ás doenzas, á enfermidade e á morte.**

- Cursos de formación para os técnicos do ámbito sanitario e das entidades sociais para mellorar a atención aos usuarios. Comprensión da diferenza cultural nos factores que inciden na súa saúde.

5.6.- PARTICIPACIÓN SOCIAL, POLÍTICA E CULTURAL

OBXECTIVO

Xerar un proceso de **liderado democrático e transparente** no seo da propia comunidade xitana.

PRIORIDADES

- Incrementar a participación social das persoas xitanas e mellora as relacións comunitarias.
- Evitar a segregación social mediante a habilitación de espazos interculturais de participación.
- Promover a formación de líderes e a mellora da xestión das organizacións xitanas.

MEDIDAS

1.- Medida: **Acceso e incorporación das persoas xitanas á plena participación social e política.**

- Realización de campañas de sensibilización da poboación xitana para que tome conciencia da súa problemática, cumpra cos seus deberes cidadáns, defenda os seus dereitos e persiga unha participación máis activa nas institucións e estruturas sociais.
- Realización de encontros en que os/as xitanos/as avalíen as súas dificultades de participación e se traballe a motivación nese ámbito.
- Desenvolvemento de programas de voluntariado e de participación comunitaria por parte das entidades sociais que traballan con xitanos/as.
- Creación de espazos de socialización e fomento da participación grupal.
- Participación da comunidade xitana na política local.

2.- Medida: **Reforzamento das asociacións e entidades sociais vinculadas coas comunidades xitanas.**

- Promover lugares e espazos de reunión das persoas xitanas para unha convivencia maior e realización das actividades anteriores, con carácter neutral e non exclusivo do colectivo.

- Creación dun marco de diálogo e de participación entre o contorno asociativo e as organizacións evanxélicas.
- Dotación de recursos para a realización das actividades das asociacións (espazos, materiais, etc.).
- Impulsar a participación das asociacións xitanas na realización de campañas de sensibilización e doutras actividades de participación social.
- Desenvolvemento do traballo en rede entre as diferentes asociacións e entidades vinculadas co mundo xitano e con outros axentes e instancias sociais e administrativas.

3.- Medida: ***Formación de líderes e xeración de estruturas de control público democrático do liderado.***

- Identificación dos potenciais colaboradores e mediadores, nas diferentes localidades e barrios en que se actúe, para mobilizar os seus propios grupos de referencia.
- Realización de actividades lúdico-formativas e de obradoiros en que se traballen habilidades e motivación cara á participación e a formación de mediadores.
- Proceso de liderado claro e que xurda da comunidade xitana para evitar problemas posteriores.
- Promoción das persoas que poidan servir como referente positivo á comunidade xitana.

4.- Medida: ***Recoñecemento das achegas culturais da comunidade xitana á sociedade galega e os valores sociais compartidos na sociedade intercultural.***

- Xornadas con vídeo forum: o cine como transmisor da cultura xitana.
- Promoción das figuras xitanas relevantes.
- Celebración de días sinalados para a posta en marcha de campañas de sensibilización (8 de abril).
- Facilitar o mantemento de tradicións das persoas xitanas en Galicia (por exemplo, o 24 de xuño).
- Solicitar a declaración dun día da poboación xitana en Galicia.
- Realización e difusión de campañas de coñecemento da cultura xitana (desenvolvemento histórico) do pobo xitano invitando os axentes sociais, en especial as asociacións xitanas e a poboación xeral.
- Elaboración e difusión de publicacións a nivel autonómico.
- Creación dun órgano consultivo a nivel autonómico en que participen as asociacións xitanas, as entidades vinculadas co mundo xitano e os axentes e instancias sociais e administrativas.

5.- Medida: ***Mellora do coñecemento e do acceso das persoas xitanas á sociedade da información e ás tecnoloxías da información e da comunicación.***

- Impulso de medidas que favorezan o achegamento ás novas tecnoloxías: alfabetización dixital, acceso á Internet...
- Realizar cursos de informática e Internet.

6.- Medida: **Extensión do acceso e incorporación das persoas xitanas a alternativas de *deporte, ocio e tempo libre*.**

- É preciso educar na competitividade e no manexo da frustración. A práctica do deporte pode axudar á convivencia, á educación da competitividade. En actividades de música non se dan os mesmo elementos.
- Maior financiamento do deporte de base por parte das administracións.
- Música e danza como pedagogía da participación social.
- Observación e estudo da comunidade para coñecer os centros de interese, para ampliar a oferta formativa e de tempo libre e de lecer, e achegalos aos barrios.
- Desenvolvemento de obradoiros de ocio e tempo de lecer interculturais integrados nos recursos comunitarios normalizados.
- Creación de puntos de información xuvenil no tocante a ocio e tempo libre.

7.- Medida: **Promoción da participación social e do asociacionismo das mulleres xitanas.**

- Fomentar espazos de encontro entre as diferentes asociacións de mulleres (diálogo sobre converxencia e diferenzas culturais).

5.7.- IMAXE SOCIAL E IGUALDADE DE TRATO

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Transmitir á sociedade maioritaria unha imaxe social máis obxectiva e positiva da poboación gitana.

Garantir os dereitos fundamentais das persoas xitanas e o seu acceso aos bens e servizos, tanto públicos como de mercado, en condicións de igualdade de oportunidades que reforcen o pleno exercicio da súa cidadanía e garantan a erradicación da discriminación.

PRIORIDADES

- Difundir o cambio social producido na comunidade gitana, facendo da súa visibilización un factor esencial do cambio social do conxunto da poboación galega e da inclusión social da comunidade gitana.
- Difundir a igualdade de trato como un valor positivo, vinculado cos dereitos humanos, os dereitos sociais e a igualdade de oportunidades.
- Identificar as prácticas discriminatorias existentes na sociedade galega para poder erradicalas.

MEDIDAS

1.- Medida: ***Difusión da cultura, tradicións e costumes dos xitanos en Galicia, tanto ao público xeral como no ámbito educativo.***

- Charlas sobre cultura xitana realizadas polos propios xitanos/as en centros educativos.
- Realización de campañas, seminarios e charlas formativas en centros formativos, asociacións, Administración...

2.- Medida: ***Comunicación das dificultades experimentadas pola comunidade xitana no seu proceso de inclusión social.***

- Xeración dun proceso de retroalimentación no coñecemento e diagnóstico da realidade da comunidade xitana a medida que o plan se executa, facilitando un reaxuste das actuacións e unha transmisión desa realidade aos servizos públicos e á opinión pública.
- Atención ao tratamento dos medios de comunicación ás noticias que se publican sobre o colectivo, sobre todo nos aspectos que inflúen negativamente na súa imaxe social.
- Reunións periódicas dos axentes implicados no plan para elaborar ferramentas de avaliación que poñan de manifesto tanto as dificultades como os avances na integración social.

3.- Medida: ***Transmisión á opinión pública da transformación social experimentada por esta comunidade nas últimas décadas.***

- Presentacións interactivas sobre traxectorias persoais, formativas e laborais de xitanos/as que poñan de manifesto a riqueza e diversidade existente en canto a idade, sexo e ocupacións actuais.
- Impulso de campañas de sensibilización social que favorezan a visibilidade da comunidade xitana.
- Utilizar recursos existentes e apoio da Administración en campañas de sensibilización como a da Fundación Secretariado Xitano: "Coñéceos antes de xulgalos".
- Creación de espazos en que a comunidade xitana expoña, analice e avalíe as súas dificultades nos procesos de exclusión.
- Creación dun banco de materiais sobre as persoas xitanas.
- Realización de exposicións (fotos, traballos, talleres...).
- Elaboración de publicacións e material formativo.
- Traballo de mediación e asistencia técnica aos medios de comunicación (por exemplo, facilitarlles banco de fotos).

4.- Medida: ***Mellora da convivencia, aumento da cohesión social e redución do conflito a través da anticipación, a prevención e a mediación en situacións difíciles que se poidan producir e que alimenten o prexuízo social en contra da inclusión da comunidade xitana.***

- Realización dun estudo que evidencie onde se producen os conflitos.
- Creación do observatorio sobre a discriminación.
- Existencia dun gabinete que traballe no detectado polo observatorio.
- Implicación dos mediadores na prevención de conflitos.

- 5.- Medida: **Visibilización do cambio producido entre as mulleres xitanas e o seu protagonismo nos proceso de transformación das súas comunidades.**
- Vincular a muller xitana coa celebración do Día Internacional da Muller (8 de Marzo).
 - Visibilización de datos sobre a participación das mulleres xitanas en actividades formativas e en emprego.
 - Implicar as asociacións de mulleres xitanas nas actividades que se realicen na cidade.
- 6.- Medida: **Realización de campañas de cuestionamento dos prexuízos e estereotipos con respecto das minorías en xeral e das comunidades xitanas en particular.**
- Convenios de colaboración entre os medios de comunicación para difundir de maneira gratuíta as campañas de sensibilización social.
 - Colaboración dos diferentes axentes sociais na difusión das campañas.
 - Impulsar que as AAPP financien as campañas de sensibilización social.
- 7.- Medida: **Promoción da igualdade de trato da sensibilidade contraria a prácticas discriminatorias.**
- Celebración de seminarios con participación de profesionais, servizos públicos e sectores empresariais.
 - Facilitar a atención xurídica letrada das persoas xitanas, facilitando a comprensión cultural por parte da quenda de oficio.
 - Celebración de encontros formativos e de posta en común nos colexios profesionais de avogados.
- 8.- Medida: **Establecemento dun observatorio sobre racismo, xenofobia e discriminación na comunidade autónoma de Galicia.**
- Creación dun órgano independente de loita contra a discriminación e a promoción da igualdade de trato.
 - Recollida dos casos de discriminación sufridos pola comunidade xitana.
 - Detectar e denunciar todas as condutas discriminatorias.
- 9.- Medida: **Recoñecemento institucional do pobo xitano e da súa cultura, difundindo as súas achegas e os seus valores.**
- Recoñecemento institucional do día 8 de abril e outras datas relevantes na cultura xitana, e que sexan recollidas nos calendarios.
 - Capacitación da figura de mediación.
- 10.- Medida: **Redución da discriminación da muller xitana en todos os ámbitos da súa vida cotiá e no exercicio de cada un dos seus dereitos cívicos.**
- Creación de espazos de socialización que traballen a autoestima e a autonomía da muller xitana.
 - Vincular as actividades formativo-laborais a compromisos de contratación que favorezan as mulleres xitanas como medida de discriminación positiva.

ANEXOS

ANEXO I - PROPOSTA DE INDICADORES

Obxectivo	Indicadores
Acadar a maioritario acceso da poboación xitana galega aos servizos normalizados, así como o uso adecuado destes.	Número de proxectos de inserción rematados con éxito. Porcentual de proxectos rematados con éxito.
Transmitirlle á sociedade maioritaria unha visión máis obxectiva e positiva da poboación xitana.	Número de actos de sensibilización realizados. Porcentual de noticias positivas sobre xitanos.
Promover a igualdade e desenvolvemento da muller xitana mediante accións positivas que compensen a desigualdade real de oportunidades.	Diminución dos diferenciais nos indicadores de desenvolvemento social máis relevantes: Respecto dos homes xitanos Respecto das mulleres de Galicia
Acadar a plena normalización educativa do alumnado xitano.	Acadar un 95% de escolarización en Educación Primaria e un 70% en Secundaria Obrigatoria. Lograr un 60% de alumnado xitano que remate con éxito a Educación Primaria e un 20% co título de Secundaria Obrigatoria.
Mellorar a empregabilidade da poboación xitana a través de espazos socioformativos compensatorios e de medidas para o acceso ao emprego e ao autoemprego.	Normalizar o desemprego da poboación xitana, cun 75% de altas como demandantes de emprego e un 50% de renovacións da demanda en caso de manterse o desemprego no tempo. Lograr que o 85% da poboación ocupada xitana teña un contrato normalizado, ou alta como autónomos. Mellorar os itinerarios de Formación Ocupacional da poboación xitana, acadando un 75% de persoas que rematen os cursos.
Promover a saúde no seo da comunidade xitana.	Equiparar a esperanza de vida da poboación xitana á esperanza de vida media da poboación galega.
Completar os procesos de normalización no ámbito da vivenda.	Reducir o chabolismo nun 40% no próximo cuadrenio. Reducir as faltas de pagamento dos alugueiros e das cargas hipotecarias nun 30%.
Garantir os dereitos fundamentais das persoas xitanas e o seu acceso aos bens e servizos, tanto públicos como de mercado, en condicións de igualdade de oportunidades que reforcen o pleno exercicio da súa cidadanía.	Número de casos de discriminación atendidos Porcentaxe resoltos pola vía da mediación.

ANEXO II - OBXECTIVOS DE IGUALDADE DE XÉNERO

Promover a **igualdade e o desenvolvemento da muller xitana** mediante accións positivas que compensen a desigualdade real de oportunidades.

SERVIZOS SOCIAIS

- Avaliación das *políticas de igualdade de xénero* para a incorporación real das mulleres xitanas á igualdade de oportunidades.

VIVENDA

- *Facilitación da emancipación das mulleres* xitanas mediante medidas de recoñecemento da súa especial dificultade para o acceso a unha vivenda normalizada e a unha autonomía real respecto da súa familia extensa.

EDUCACIÓN

- Eliminación do analfabetismo feminino, redución da desescolarización das mulleres na Educación Obrigatoria e *diminución do absentismo de nenas e adolescentes*.

EMPREGO E PROMOCIÓN ECONÓMICA

- Xeneralización de *mecanismos adaptados para* o acceso das persoas xitanas, especialmente *xente nova e mulleres*, ao emprego por conta allea.

SAÚDE

- Atención particular ás *necesidades sanitarias da muller xitana*, desde o respecto á súa vivencia cultural da saúde e da sexualidade, así como á súa privacidade, intimidade e dereito á libre determinación da súa orientación da saúde e a sexualidade.

PARTICIPACIÓN SOCIAL, POLÍTICA E CULTUAL

- Promoción da participación social e do asociacionismo das mulleres xitanas.

IMAXE SOCIAL

- *Visibilización do cambio producido entre as mulleres xitanas* e o seu protagonismo nos procesos de transformación das súas comunidades.

IGUALDADE DE TRATO

- *Redución da discriminación da muller xitana* en todos os ámbitos da súa vida cotiá e no exercicio de cada un dos seus dereitos cívicos.